MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DE CEDEIRA NO ÁMBITO DO CENTRO DE SAÚDE

32426463M
ANGEL LUIS
MONTEOLIVA
(R: B15148729)

Firmado digitalmente por 32426463M ANGEL LUIS MONTEOLIVA (R: B15148729)

DOCUMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

SOLICITUDE DE INICIO DO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

ABRIL DE 2021

INTRODUCIÓN: ... 3
OBXECTO DA MODIFICACIÓN ... 3
PROMOTOR ... 3
TÉCNICO REDACTOR ... 3
NORMATIVA ... 3
TRAMITACIÓN DO DOCUMENTO ... 4
DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO ... 5
1. OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN ... 5
2. MEMORIA DESCRIPTIVA DO ENTORNO E MEDIO AMBIENTE ... 5
2.1. ENTORNO ... 5
UBICACIÓN ... 5
2.2. DESCRICIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL AFECTADO ... 6
DEFINICIÓN DO ÁMBITO DE ORDENACIÓN ... 6
2.3. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO FÍSICO ... 7
XEOMORFOLOXÍA ... 7
XEOLOXÍA ... 7
HIDROLOXÍA / LITORAL ... 7
VEXETACIÓN ACTUAL ... 7
2.4. VEXETACIÓN POTENCIAL E COROLÓXICA ... 8
2.5. FAUNA ... 8
2.6. ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS OU FRÁXILES ... 9
2.7. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO CONSTRUÍDO ... 10
TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS ... 10
INFRAESTRUTURA VIARIA ... 10
INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS ... 11
2.8. IDENTIFICACIÓN DE RISCOS ... 11
RISCOS NATURAIS ... 11
RISCOS ANTRÓPICOS ... 12
RISCOS TECNOLÓXICOS ... 12
3. ESTUDO DA PAISAXE ... 13
4. ESTUDO DA MOBILIDADE ... 13
5. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL ... 13
5.1. ALCANCE FÍSICO ... 13
5.2. CONTIDO ... 13
5.3. ESTUDO DE ALTERNATIVAS ... 14
5.3.1. DEFINICIÓN ... 14
5.3.2. ALTERNATIVA 0 ... 17
5.3.3. ALTERNATIVA 1 ... 18
5.3.4. ALTERNATIVA 2 ... 20
6. DESENROLO PREVISIBLE ... 22
6.1. FASES DE TRAMITACIÓN URBANÍSTICA ... 22
6.2. TRAMITACIÓN AMBIENTAL ... 24
6.3. DESENROLO URBANÍSTICO ... 25
7. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES ... 25
8. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES ... 25
9. RELACIÓN CO PLANEAMENTO MUNICIPAL ... 26
10. MEDIDAS CORRECTORAS DE IMPACTO E SEGUIMENTO ... 27

INTRODUCIÓN:

OBXECTO DA MODIFICACIÓN

O presente documento constitúe o Documento Ambiental Estratéxico da Modificación Puntual do PXOU de Cedeira no ámbito do centro de saúde, , a través do cal se solicita o inicio do proceso de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

A Modificación Puntual tencomo obxectivo a definición dun área dotacional que permita a ampliación en continuidade, do actual equipamento sanitario situado en solo urbano.

PROMOTOR

Promovida polo Concello de Cedeira, a MP atende aos intereses xerais, centrándose na adaptación ás necesidades actuais do principal equipamento sanitario, construído hai 30 anos para atender á población municipal

TÉCNICO REDACTOR

O equipo redactor deste documento Ambiental Estratéxico está formado polos seguintes técnicos:

- ÁNGEL LUÍS MONTEOLIVA DÍAZ, arquitecto superior
- IRIA VIÑA MÉNDEZ, arquitecto superior
- FRANCISCO VEGA FELIZ, delineación

Sendo o autor responsable Ángel Luís Monteoliva Díaz, actuando en nome de:

MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P.

CIF B15148729

DOMICILIO: Rúa PADRE FEIJOO 9-1º, 15004 A CORUÑA

EMAIL: estudio@monteolivaarquitectura.com

TELÉFONO: 981122589

NORMATIVA

O documento redáctase ao amparo dos seguintes textos legais:

Lei 10/1995 do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia

Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental

Lei 2/2016 do Solo de Galicia

Normativas de carácter sectorial aplicables

Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

TRAMITACIÓN DO DOCUMENTO

En cumprimento da Ley 21/2013, de 9 de decembro, de Evaluación Ambiental, remítese o Documento Ambiental Estratéxico do Plan Parcial S1, ao órgano substantivo dentro do procedemento simplificado previsto, a fin de determinala necesidade ou non do seu sometemento ao proceso de Avaliación Ambiental ordinaria.

1. OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN

A modificación puntual plantéase como ferramenta de cara a posibilitar urbanísticamente a necesaria ampliación do centro de saúde municipal.

Ademáis, adóptanse os seguinte obxectivos particulares:

- Contribución á consolidación da Vila de Cedeira como cidade cabeceira municipal.
- Reutilización e posta en valor do centro de saúde existente, permitindo prolongala súa vida útil mediante a súa ampliación en continuidade.
- Actuación sobre a fachada litoral da Ría mediante unha peza de titularidade e promoción pública que contribúa á continuidade e á participación dos tecidos circundantes.
- Revitalización do tecido urbano, eliminando a imaxe de provisionalidade que fomenta a existencia de edificios abandonados e sen uso.
- Impulso da actividade urbana.
- Mellora da correspondencia entre a realidade construída e a regulación normativa, mellorando por tanto a seguridade xurídica.

2. MEMORIA DESCRIPTIVA DO ENTORNO E MEDIO AMBIENTE

2.1. ENTORNO

UBICACIÓN

O concello de Cedeira está situado ao noroeste da provincia da Coruña, ao norte da comarca de Ferrol, e cos seguintes límites:

- Norte. océano Atlántico
- Oeste céano Atlántico
- Sur:Concello de Cerdido e Valdoviño
- Leste:Concello de Cariño e Ortigueira.

Límites municipais

A modificación puntual céntrase no solo urbano da Vila Cabeceira, no marxe esquerdo da desembocadura do Río Condomiñas.



2.2. DESCRICIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL AFECTADO

O ámbito territorial no que se inxire a modificación puntual é totalmente urbano, formando parte da área de crecemento da Vila de Cedeira e cun predominio claro de uso residencial que, partindo de tipoloxías de vivenda plurifamiliar vai descendendo en densidade a medida que sae do agregado urbano, desprendéndose nunha periferia de vivenda unifamiliar dispersa aínda que moi condicionada pola topografía e as vías de comunicación.

DEFINICIÓN DO ÁMBITO DE ORDENACIÓN

A modificación puntual que se presenta ten unha superficie neta de 1.166m² e está integrada por tres parcelas catastrais que conforman un cuarteirón de forma sensiblemente cadrada:

- 6450801NJ7364N0001PY
- 6450802NJ7365S0001LI
- 6450803NJ7365S0001TI

Os seus límites quedan definidos polos seguintes viarios de titularidade pública:

- Norte: Rúa Ortigueira e Río Condomiñas
- Este: Rúa Río das Mestas
- Sur: Avenida Zumalacárregui
- Oeste: Rúa Río Tixón

No interior do ámbito de estudo, atópase o actual ambulatorio municipal que será obxecto de ampliación, cunha altura de B+1 plantas e configuración en “L” con fronte ás á Avenida Zumalacárregui e Tixón.
Con fronte á Ría do Condomiñas, érguense outros dous edificios de titularidade municipal, un deles de B+2 e outro de B+3. No lugar que ocupan estes dous edificios é donde se prevé amplialo equipamento sanitario.

2.3. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO FÍSICO

XEOMORFOLOXÍA

O medio físico do Concello de Cedeira inclúe elementos moi diferenciados, como as formacións de cantís e macizo da serra alta, e as formacións aluviais e costeiras sedimentarias.

O ámbito de estudio da MP, corresponde coa marxe esquerda da desembocadura do Río Condomiñas, nun entorno totalmente urbanizado e que respecto ao término municipal se sitúa nas cotas baixas, correspondendo en orixe coa chaira intermareal de marisma, cuxo entorno natural subsiste augas arriba.

XEOLOXÍA

As características litolóxicas de Cedeira responden ás do complexo de Cabo Ortegal, constituído rochas metamórficas básicas e ultrabásicas sobre materiais xistosos.

O ámbito de modificación emprázase na zona de incidencia litoral, identificada como depósitos detríticos cuaternarios.

HIDROLOXÍA / LITORAL

O termo municipal do Concello de Cedeira pertence ao sistema de explotación do Río Mera, Ría de Sta. Marta de Ortigueira e Ría de Cedeira.

O ámbito de estudo é colindante coa beira esquerda do paseo máritimo na desembocadura do Río Condomiñas, e que dispón de deslinde de dominio público marítimo terrestre vixente dende 2009.

VEXETACIÓN ACTUAL

No mosaico vexetal existente en Cedeira, encádrase as seguintes unidades de vexetación:

- Bosque de ribeira
- Cultivos hortícolas
- Cultivos forestais
- Matogueira-Penedo (matogueira)
- Rodais de Vexetación Autóctona relicta
- Ecosistemas de Brañas
- Vexetación caracetrística da Serra da Capelada

O ámbito de estudo da MP atópase completamente urbanizado, sen presencia de vexetación autóctona.

Na marxe peonil máis próxima á ribeira do mar, introducíronse plátanos de sombra integrados na beirarrúa mediante alcorques e cóntase cunha zona axardinada mediante céspede entre o centro de saúde e os edificios que dan fronte á Rúa Ortigueira.

2.4. VEXETACIÓN POTENCIAL E COROLÓXICA

Fitoxeograficamente Galicia pertence á:

Reino Holártico
- Rexión eurosiberiana
  - Subrexión Atlántica–Medioeuropea
    - Superprovincia Atlántica
      - Provincia Cántabro-Atlántica
        - Subsector Galaico-Asturiano setentrional

Segundo esta clasificación a vexetación potencial que lle caracteriza é a carballeira acidófila (series galaico-portuguesa acidófilas do *Quercus robur*).

QUERCUS ROBUR

2.5. FAUNA

No Concello de Cedeira foi citada a presenza de 13 especies de anfibios, 7 de réptiles, 72 de aves, 4 de peixes e 37 de mamíferos. Entre todas estas especies as seguintes presentan unha das clasificacións da U.I.C.N. diferente de “preocupación menor” ou “datos insuficientes”:

Píntega (*Salamandra salamandra*): Case ameazada
Salamántiga galega (*Chioglossa lusitanica*): Vulnerable
Sapiño troiteiro (*Alytes obstetricans*):Case ameazada
Ra patilonga (*Rana iberica*): Vulnerable
Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*): Case ameazada
Lagartixa da serra (*Lacerta monticola*): Case ameazada
Rato de almizcle (*Galemys pyrenaicus*): Vulnerable
Morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*): Case ameazado
Morcego rateiro grande (*Myotis myotis*):Case ameazado
Leirón careto (*Eliomys quercinus*): Vulnerable
Rata de auga común (*Arvicola sapidus*): Case ameazado
Londra (*Lutra lutra*): Vulnerable

Corvo mariño cristado (Phalacrocorax aristotelis): Vulnerable
Miñato abelleiro (Pernis apivorus): Vulnerable
Rapina cincenta (Circus pygardus): Vulnerable
Falcón pequeno (Falco subbuteo): Sensible
Lagarteiro peneireiro (Falco tinnunculus): Vulnerable
Perdiz rubia (Alectoris rufa): Vulnerable
Paspallás (Coturnix coturnix): Sensible
Rascón de auga (Rallus aquaticus): Vulnerable
Pombo torcaz (Columba palumbus): En Perigo
Rula común (Streptopelia turtur): Vulnerable
Avenoiteira cincenta (Caprimulgus europaeus): Sensible
Andurón (Apus melba): Sensible
Martiño peixeiro (Alcedo atthis): Sensible
Andoriña do cu branco (Hirundo urbica): Sensible
Lavandeira verdeal (Motacilla flava): Sensible
Merlo rieiro (Cinclus cinclus): Sensible
Papuxa apardada (Sylvia borin): Vulnerable
Merlo azul (Monticola solitarius): Vulnerable
Escribenta real (Emberiza citrinella): Vulnerable
Xílgaro (Carduelis carduelis): Sensible
Pardal orelleiro (Passer montanus): Vulnerable
Ouriolo (Oriolus oriolus): Vulnerable
Choia biquivermella (Pyrrhocorax pyrrhocorax): Vulnerable

Debido á falla de vexetación autóctona e ao elevado grao de urbanización no ámbito de modificación puntual, non se prevé interferencia coa fauna inventariada.

2.6. ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS OU FRÁXILES

A Continuación sinálanse os espazos naturais protexidos inventariados no Concello de Cedeira, que en ningún caso teñen interferencia co ámbito obxecto da modificación puntual:

ZONAS DE PROTECIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS:

- ES14PEAEGAL 02/05 RÍA DE CEDEIRA (INT)
- ES14PEAEGAL 02/04 RÍA DE CEDEIRA (EXT)
- ES14PEAEGAL 02/01 ZONA CORUÑA NORTE

RESERVA MARIÑA:

- ES014RMAR000000002 RESERVA MARIÑA DA RÍA DE CEDEIRA

PROTECIÓN DE ZONAS DE BAÑO

- ES11100022M15022B PRAIA AREA LONGA, ZONA DE BAÑO
- ES11100022M15022A PRAIA MAGDALENA, ZONA DE BAÑO

ZONA DE ESPECIAL CONSERVACIÓN

- ES014ZECES1110002 COSTA ÁRTABRA
- ZONA DE PROTECIÓN DE LOS VALORES NATURALES
- ES014ENPR110030 COSTA ÁRTABRA

IMPORTANT BIRD AREA

- ES014IBAS006 PTA CANDIEIRA, RIA DE ORTIGUEIRA, ESTACA DE BARES

TRAMO DE INTERESE MEDIOAMBIENTAL

- ES014TIMB000000008 PEDRAS

ZONAS DE CAPTACIÓN PARA ABASTECEMENTO HUMANO

- ES014CACH000001173 BARROSAS
- ES014ZCCM000003111 CARREIRO
- ES014CACH000001172 CHINCHOIRO
- ES014CACH000003379 VILADESUSO
- ES014CACH000003269 O BARRAL
- ES014ZCCM000003270 SAN ROMÁN
- ES014ZCCM000001171 VILARNOVO

2.7. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO CONSTRUÍDO

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

O entorno urbano da MP ten características de desenrolo en ensanche, sen perdela referencia das vías principais, mais resultando un tecido ordenado e regular no que a tipoloxía predominante é a vivenda plurifamiliar en altura, e que en moitos casos responde a unha autopromoción.
A tipoloxía, sobre o trazado viario da como resultado cuarteiróns pechados e de pequeno tamaño como o que é obxecto deste documento.

INFRAESTRUTURA VIARIA

A Vila Urbana de Cedeira está conectada ao entorno supramunicipal da man das seguintes arterias:

- AC566 Narón (AC862) a Campo do Hospital (AC862), de titularidade autonómica e pertencente á rede primaria básica.
- DP2204 de Cedeira a Chimparra
-

O ámbito de Modificación Puntual é colindante no seu marxe sudeste coa estrada provincial DP2204, e atópase a escasos 130m da estrada autonómica, polo que as comunicacións viarias do equipamento sanitario son solventes dentro do escenario urbano e municipal.
A sección dos viarios públicos perimetrais inclúe diferenciación de tráficos rodado e peoníl a distinto nivel, sendo no caso das rúas Ortigueira, Tixón e Mestas de dirección única e aparcamento en liña, e na Avenida Zumalacárregui bidireccional e con aparcamento en batería.

INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS.

A dispoñibilidade de servizos, a falta de que informen as compañías e xestoras de subministros, é a seguinte:

Infraestruturas de electricidade

A rede eléctrica de alta tensión da Vila de Cedeira pertence a Unión Fenosa, e desenrólase principalmente soterrada en tensión 20Kv, aínda que tamén existen nalgúns puntos do solo urbano liñas aéreas.

Rede de telecomunicacións.

As liñas de telecomunicacións abranguen o ámbito da telefonía convencional, a telefonía móbil e a rede de cable de alta velocidade.

O núcleo urbano posúe un nivel de acceso axeitado ás redes de telecomunicacións, polo que a conexión do ámbito previsiblemente non suporá complexidade.

Rede de saneamento

Noperímetro do ámbito de actuación cóntase con colectores xerais de recollida de augas residuais e tamén con sumidoiros de augas pluviais.

Rede de abastecemento de auga

A Vila urbana dispón de rede de abastecemento de auga, que no entorno de modificación puntual ten presenza nas marxes leste, sur e oeste

2.8. IDENTIFICACIÓN DE RISCOS

Segundo a Axencia Galega de Emerxencias (AXEAGAA), os riscos son os posibles fenómenos ou sucesos de orixe natural, ou xerados pola actividade humana que poden dar lugar a danos para as persoas ou os bens. En función da súa orixe clasifícanse en naturais, antrópicos ou tecnolóxicos.

RISCOS NATURAIS

Os riscos naturais son os relacionados con factores xeográficos e climatolóxicos, derivando en illamento ou danos ao medio e bens. De forma xeneral, en Galicia aténdese aos seguintes: Nevaradas, inundacións, riadas, xeadas, temporais, choivas torrenciais, sismos, derrubamentos, corremento de terras, seca...
No caso de Cedeira obsérvase:

- Risco de sismo baixo.
- Risco de inundación:

Nos Mapas de Perigosidade de Inundación elaborados por Augas de Galicia, expostos con motivo do cumprimento da Directiva europea 2007/60, reflíctense dúas áreas de risco potencial significativo de inundación fluviais (Río Condomiñas e Rego de Veiga), e unha ARPSIs costeira que discurre confinada polo paseo marítimo de ría e que afecta parcialmente ao ámbito de modificación puntual.

ES014-CO-15-01-01-01 ZONAS INUNDABLES DO REGO DA VEIGA
ES014-CO-15-01-02-02 ZONAS INUNDABLES DO RÍO CONDOMIÑAS
ES014-CO-15-01-11-C ZONAS INUNDABLES COSTEIRAS CEDEIRA

Lámina de inundación 100 anos e ámbito de modificación puntual

RISCOS ANTRÓPICOS

Os riscos antrópicos son os provocados polo home e adoitan ir asociados a grandes concentracións humanas (romarías, espectáculos...), ou a accións indiscriminadas do home (incendios...)
Neste sentido, o ámibito de MP no inclúe espazos urbanos nin usos proclives á concentración , e no seu entorno non se identifican estruturas nin situacións que coa intervención humana puideran derivar nun risco implícito.

RISCOS TECNOLÓXICOS

Os riscos tecnolóxicos son os propios das sociedades desenvolvidas e do progreso industrial, como por exemplo:

- Os de orixe química
- Transporte de mercadorías perigosas
- Accidentes dos medios de transporte de viaxeiros
- Os de orixe nuclear
- A falla de subministracións básicas (auga, luz, gas...)

No entorno de planeamento non se detectan riscos significativos de orixe tecnolóxico, aínda que os de maior probabilidade terían relación cos accidentes de tráfico de mercadorías e viaxeiros, relacionado co tráfico na Avenida de Zumalacárregui (estrada provincial), ou a falla de subministros básicos.
En calqueira caso, tratándose dun entorno xa urbanizado non se considera que a ampliación do equipamento sanitario poida supoñer unha maior exposición a ningún tipo dos riscos sinalados.

3. ESTUDO DA PAISAXE

A desembocadura do Río Condomiñas da forma ás fachadas da Vila que adquiren maior visibilidade, en tanto que lles confire un primeiro plano con certa perspectiva.

Sen embargo, a súa proporción estreita e alongada fai que o protagonismo se dilúa a medida que se perde a frontalidade, transformándose nunha imaxe sesgada.

Na memoria do Borrador do Plan inclúese un estudo da paisaxe e de integración como anexo, que afonda no posible impacto da actuación.

4. ESTUDO DA MOBILIDADE

O ámbito de modificación puntual pertence á malla de solo urbano e atópase nun entorno libre de condicionantes topográficos, polo que non presenta de partida problemas de accesibilidade.

Nas proximidades do equipamento cóntase con liñas de aparcamento, e concretamente na beira oposta da Ría habilítase unha área de parking público regulado, polo que a demanda xerada da actividade dotacional pode considerarse xa atendida no seu entorno máis próximo.

Na marxe sureste da parcela dotacional líndase coa Avenida de Zumalacárregui, que corresponde cunha estrada de titularidade provincial e que forma parte do sistema xeral municipal.

5. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

5.1. ALCANCE FÍSICO

A Modificación Puntual céntrase nun cuarteirón de solo urbano de forma rectangular, definido por catro viarios de titularidade pública.

Non se espera que se deriven repercusións fóra deste ámbito, máis alá do beneficio xeral que supón para a poboación municipal poder disponer dun centro sanitario con capacidade para se adaptar ás demandas funcionáis eás necesidades técnicas e espaciais do momento e futuras.

5.2. CONTIDO

A ordenación proposta consiste na cualificación de todo o cuarteirón como equipamento dotacional.

No corpo normativo eliminaranse as restriccións espaciais e estéticas formuladas polo estudo de detalle que rixe a ordenación vixente, aportando maior flexibilidade á solución arquitectónica.

5.3. ESTUDO DE ALTERNATIVAS

5.3.1. DEFINICIÓN

En cuestións de planeamento urbanístico poden existir varias opcións que satisfagan os obxectivos ansiados, reducíndose o número de posibilidades en función dos condicionantes de partida.

A proposta ten como obxectivo permitila ampliación do centro sanitario existenteo, polo que o marxe de variación é moi limitado.

A efectos de avaliar o impacto de varias alternativas, estudaranse tres:

ALTERNATIVA 0

Como alternativa cero considérase a posibilidade de prolongala vida útil do actual edificio dotacional, mais isto será a risco de limitalas posibilidades de adaptalo servizo sanitario ás necesidades reais, e de forzala loxística e a organización interna para satisfacelas.



ALTERNATIVA 0

ALTERNATIVA 1

Representa o escenario no que se cualifica como parcela dotacional a mazá incluída no ámbito de modificación puntual, coa intención de amplialo edificio santitario en continuidade ao existente.

ALTERNATIVA 1

ALTERNATIVA 2

Considérase a posibilidade de adquirir unha parcela dotacional noutro emprazamento urbano, aínda sen determinar, para trasladalo servizo sanitario.

ALTERNATIVA 2

Na avaliación de cada unha delas teranse en conta as mesmas variables, puntuadas de 0 a 5, considerando o 5 a mellor valoración. Obterase unha puntuación media final de cada alternativa.



5.3.2.ALTERNATIVA 0

PAISAXE E INTEGRACIÓN

No que respecta á integración na malla urbana, mantelo estado actual do edificio sanitario non ten interferencia, sen embargo, prolongalo estado de inactividade nos edificios de titularidade municipal con fronte á Rúa Ortigueira e que pertenecen ao ámbito de MP representa prolongar un estado de provisionalidade que non favorece á imaxe urbana:

- O abandono fainos vulnerables a ser ocupados ou vandalizados
- Constitúen un telón que deixa tras de sí a pequena praza do edificio sanitario, dando lugar a un espazo urbano con baixa visibilidade, máis susceptible de ser degradado.

FUNCIONALIDADE

A función dotacional vese penalizada pola falla de espazo, de modo que resultará imposible implementar novos servizos de atención, e os existentes non terán posibilidade de crecemento.

MEDIO SOCIOECONÓMICO

O mantemento en deshuso os edificios con frente á Rúa Ortigueira supón un desaproveitamento dos recursos públicos, mais para a súa utilización sería preciso rehabilitalos levando a cabo unha forte inversión. Pese a elo, os espazos obtidos difícilmente cumplirían coas normas de accesibilidade aplicables a edificios de pública concorrencia.

Doutra banda, a precarización do servizo sanitario deprecia a consideración da Vila como cabeceira dotacional municipal, pois implicará o traslado das terapias e atencións que non poidan ser integradas no edificio actual a otros municipios, ou aos centros de especialidades asignados dentro da área xeral sanitaria.

Perder púlo no foco dotacional implica unha reducción de tráficos comerciais e de servizos no entorno urbano que vai en detrimento da economía local.

MOBILIDADE

A falla de ampliación do centro sanitario podería ocasionala derivación de determinadas atencións específicas a centros de maior capacidade noutros municipios da área sanitaria. Consecuentemente, incrementaríase o número de desprazamentos dos pacientes, e o seu percorrido.

Os servizos sanitarios veríanse obrigados a incrementala atención hospitalaria a domicilio, e a amplialo servizo de ambulancias como trasnporte de pacientes.

SEGURIDADE XURÍDICA

A situación urbanística actual é irregular, en tanto que o centro de saúde non responde ás determinación volumétricas fixadas no estudo de detalle vixente, polo que debe considerarse en fóra de ordenación.

ALTERNATIVA 0

	VARIABLES CONSIDERADAS	EFECTOS PREVISIBLES	VALORACIÓN	
1	PAISAXE	Abandono dos edificios con fronte litoral	1	1,00
		Consolidación de espazos públicos pouco visibles	1	
		Vulnerabilidade de cara ao vandalismo e a ocupación	1	
2	FUNCIONALIDADE	Funcionalidade do propio equipamento, falta de capacidade de adaptación e de aumento de servizos	2	2,00
3	MEDIO SOCIOECONÓMICO	Aproveitamento dos recursos existentes centro de saúde	5	2,67
		Aproveitamento dos recursos existentes edificios fronte litoral	1	
		Non necesidade de adquisición de novos terreos	5	
		Perda de creación de postos de traballo	2	
		Perda de dinámica urbana	2	
		Perda de referencias na Vila Cabeceira fronte a outras ubicacións supramunicipais	1	
4	MOBILIDADE	Necesidade de desprazamentos supramunicipais de pacientes	2	2,00
		Necesidade de ampliación do servizo médico a domicilio	2	
5	SEGURIDADE XURÍDICA	Situación das instalacións actuais en fóra de ordenación	0	0,00
				1,53

5.3.3.ALTERNATIVA 1

PAISAXE E INTEGRACIÓN

A disposición da totalidade da mazá como equipamento e a maior flexibilidade no que respecta ás posibilidades de composición de volumes fronte ás determinación do estudo de detalle vixente, permitirá reinterpretala fachada litoral da mazá, facendo partícipe dela ao uso dotacional.

FUNCIONALIDADE

A ampliación do centro de saúde en continuidade ao edificio existente permitirá rentabilizalos recursos existentes asegurando a posibilidade de adaptación ás necesidades actuáis e futuras.

O emprazamento, elixido hai máis de trinta anos atópase consolidado e non foron detectadas incompatibilidades no seu entorno.

MEDIO SOCIOECONÓMICO

Partindo de que a ampliación dos espazos destinados a atención sanitaria no Concello de Cedeira é necesaria, o seu planteamento na mazá afectada pola MP supón o aproveitamento dos recursos existentes como centro sanitario, pero tamén das propiedades

municipais dispoñibles, pois a totalidade da superficie afectada é de titularidade pública.

No que respecta ao ámbito social, a ampliación da atención sanitaria implica a chegada de novos especialistas e unha maior dinámica no entorno urbano que en suma representan un reforzo da actividade da Vila.

MOBILIDADE

A infraestructura viaria e de aparcamento do emprazamento actual considérase suficiente, en canto a que o acceso ao centro de saúde prodúcese dende unha estrada de titularidade supramunicipal, e nas proximidades cóntase con áreas destinadas a aparcamento.

Os itinerarios peonís teñen continuidade coa trama urbana, e existe servizo de transporte público nas proximidades.

SEGURIDADE XURÍDICA

A cualificación da mazá como equipamento dotacional, e a regulación mediante ordenanzas en lugar das determinación volumétricas e compositivas do estudo de detalle vixente, aportarán un marco de seguridade xurídica ás actuación que se precisen de cara á ampliación e mantemento do equipamento.

ALTERNATIVA 1

	VARIABLES CONSIDERADAS	EFECTOS PREVISIBLES	VALORACIÓN	
1	PAISAXE	Renovación da fachada litoral	5	4,33
		Continuidade do espazo público	4	
		Eliminación de espazos pouco visibles e de edificios vulnerables ao vandalismo e á ocupación.	4	
2	FUNCIONALIDADE	Funcionalidade do propio equipamento, capacidade de adaptación e de aumento de servizos	5	5,00
3	MEDIO SOCIOECONÓMICO	Aproveitamento dos recursos existentes centro de saúde	5	2,89
		Aproveitamento dos recursos existentes, edificios e terreos con fronte litoral	3	
		Non necesidade de adquisición de novos terreos	5	
		Creación de postos de traballo	4	
		Consolidación da dinámica urbana	4	
		Potenciación da Vila Cabeceira como centro de dotacións e servizos	5	
4	MOBILIDADE	Reducción de desprazamentos supramunicipais de pacientes	4	3,50
		Reducción do servizo médico a domicilio	3	
5	SEGURIDADE XURÍDICA	Concordancia da realidade construída e a regulada	5	5,00
				4,14

5.3.4.ALTERNATIVA 2

PAISAXE E INTEGRACIÓN

O traslado do centro de atención sanitaria implicaría o abandono das instalación actuáis, de modo que a mazá pertencente ao ámbito de modificación puntual pasaría a un estado de inactividade e abandono.

A falta de uso e de afluencia converte o espazo público e os propios inmobles en obxectivos vulnerables, susceptibles de seren vandalizados ou invadidos.

Considérase por tanto, que a nivel de peza urbana e tamén como elemento constituínte da fachada litoral o abandono das instalación actuáis sería perxudicial.

No que respecta ao que sería o novo emprazamento (desconocido), non hai motivo para pensar que tería impacto negativo nin positivo respecto á paisaxe, polo que non se puntuará.

FUNCIONALIDADE

O abandono da peza dotacional actual podería derivar na degradación do espazo público, repercutindo na súa funcionalidade.

Doutra banda, na nova implantación urbana, o edificio proxectaríase dacordo ás técnicas, directrices sanitarias e servizos de atención actuáis, de modo que a funcionalidade do mesmo debería poder considerarse óptima.

MEDIO SOCIOECONÓMICO

A substitución do centro sanitario actual supón o desperdicio económico dos recursos existentes, e a necesidade de sufragar os novos.

Actualmente non existe ningunha parcela dotacional de titularidade municipal que puidera albergalas novas instalación, polo que ademáis da construcción do novo edificio sería necesario mercar ou mesmo expropialos terreos da nova ubicación.

No que respecta ao medio social, non se producirá unha perda significativa no conxunto da Vila, en tanto que se está a propoñela nova ubicación dentro da trama urbana, mais sí poderá ser perceptible a falta de actividade, de afluencia e de intercambio no emprazamento actual.

MOBILIDADE

En tanto que se está a considerar unha nova ubicación dentro do solo urbano, non se puntuará perda nin ganacia no referente á mobiidade, pois prevese un escenario moi similar ao actual.

SEGURIDADE XURÍDICA

A búsqueda dun novo emprazamento para o centro de atención sanitaria requiriría da redacción dunha Modificación Puntual de planeamento, en tanto que na actualidade non existen parcelas dotacionais dispoñibles. Sería preciso por tanto a recualificación dos novos terreos.

Asemade, debería aproveitarse a modificación do planeamento para regularizala situación do actual centro de saúde aínda que

quedara sen uso, anulando as determinacións volumétricas e compositivas do estudo de detalle en vixencia, de modo que a regulación se axuste á realidade construída.

ALTERNATIVA 2

	VARIABLES CONSIDERADAS	EFECTOS PREVISIBLES	VALORACIÓN	
1	PAISAXE	Abandono dos edificios con fronte litoral	1	1,00
		Consolidación de espazos públicos pouco visibles	1	
		Vulnerabilidade de cara ao vandalismo e a ocupación	1	
2	FUNCIONALIDADE	Funcionalidade do propio equipamento, capacidade de adaptación e de aumento de servizos	5	5,00
3	MEDIO SOCIOECONÓMICO	Aproveitamento dos recursos existentes centro de saúde	1	1,67
		Aproveitamento dos recursos existentes edificios e terreos con fronte litoral	1	
		Necesidade de adquisición de novos terreos	1	
		Creación de postos de traballo	4	
		Traslado da dinámica urbana	3	
		Potenciación da Vila Cabeceira como centro de dotacións e servizos	5	
4	MOBILIDADE	Reducción de desprazamentos supramunicipais de pacientes	4	3,50
		Reducción do servizo médico a domicilio	3	
5	SEGURIDADE XURÍDICA	Situación das instalacións actuais en fóra de ordenación	0	0,00
				2,23

Comparando as puntuacións obtidas polas diferentes alternativas, resulta mellor a alternativa 1, sendo a peor valorada a que non ampliaría o centro de saúde.

VALORACIÓN DAS ALTERNATIVAS	ALTERNATIVAS		
VARIABLES CONSIDERADAS	0	1	2
PAISAXE	1,00	4,33	1,00
FUNCIONALIDADE	2,00	5,00	5,00
MEDIO SOCIOECONÓMICO	2,67	2,89	1,67
MOBILIDADE	2,00	3,50	3,50
SEGURIDADE XURÍDICA	0,00	5,00	0,00
	1,53	4,14	2,23

6. DESENROLO PREVISIBLE

6.1. FASES DE TRAMITACIÓN URBANÍSTICA

A tramitación urbanística atenderá ao disposto no artigo 60 da LSG 2/2016, e no artigo 144 do Regulamento que a desenvolve, sendo o seguinte paso a Aprobación Provisional.

Artigo 60. Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal

1.O concello promotor do plan poderá solicitar da consellaría competente en materia de urbanismo canta documentación considere necesaria ou de interese para a redacción do plan xeral de ordenación municipal do que se trate.

A consellaría, no prazo máximo dun mes, facilitará á Administración municipal a documentación solicitada e coordinará canta información se deba ter en conta para a redacción do instrumento de planeamento e que deba ser achegada polos diferentes departamentos da Administración autonómica.

2.Iniciada a fase de formulación do planeamento xeral, redactarase un borrador do plan e un documento inicial estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

3.O concello promotor do plan trasladará a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica, un borrador do plan co contido necesario para a súa análise urbanística e o documento inicial estratéxico ao órgano ambiental, o cal comprobará, no prazo máximo dun mes, que aqueles inclúen os documentos exixibles e solicitará, na súa falta, que se acheguen os documentos preceptivos.

4.O órgano ambiental someterá esa documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, o procedemento continuará nos termos establecidos na lexislación vixente.

Realizadas as consultas, o órgano ambiental, no prazo de dous meses contados desde o efectivo cumprimento dos trámites anteriores e a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, que, como mínimo, incluirá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable.

5.O concello elaborará o estudo ambiental estratéxico atendendo os criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido exixible pola lexislación vixente, e de resultas deste elaborará a versión inicial do plan.

6.O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

7.O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do

estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.

8.O concello deberá solicitar, no momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.

9.Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.

10.O órgano ambiental, no prazo máximo dun mes, realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no ambiente. Se durante a referida análise observa algunha deficiencia, instará o concello á reparación no prazo máximo de tres meses. Neste suposto, suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

Se, transcorridos tres meses desde o requirimento do órgano ambiental, o concello non remitise o expediente reparado, ou se unha vez presentado for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, e notificará ao concello promotor e á consellaría competente en materia de urbanismo a resolución de terminación.

11.O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

12.Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que sexan necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan.

No caso de que se introducisen modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública.

13.Logo do informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes. O expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellaría competente en materia de urbanismo.

14.A consellaría, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan.

De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva do documento.

15.Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación superior a 50.000 habitantes, a consellaría competente en materia de urbanismo, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, emitirá informe preceptivo e vinculante sobre as seguintes cuestións:

a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan.
b) A conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.

c) A coherencia do plan coas Directrices de ordenación do territorio, co Plan de ordenación do litoral e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.

d) A incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

16.Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación inferior a 50.000 habitantes, a consellaría, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

a) Aprobar definitivamente o plan, nos mesmos termos nos que se formula.

b) Aprobar definitivamente o plan coas condicións precisas e determinadas que se xulguen necesarias para reparar as deficiencias que presente o documento, derivadas das cuestións da súa competencia sinaladas no punto 15 anterior. Neses casos, de ser necesario, procederase de acordo co establecido no artigo 62.

c) Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata a súa rectificación, resultando aplicable nesas áreas o réxime contido no artigo 89.

d) Non outorgar a aprobación definitiva.

O plan xeral entenderase aprobado definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos.

17.Para resolver sobre a aprobación definitiva, a consellaría competente en materia de urbanismo analizará as cuestións sinaladas no punto 15 anterior.

6.2. TRAMITACIÓN AMBIENTAL

O presente documento é o Documento Ambiental Estratéxico, que acompañado do Borrador Da Modificación Puntual constitúe a solicitude de inicio da Avaliación Ambiental Estratéxica Simplificada, dentro do procedemento previsto na Ley 21/2013, de 9 de decembro, de Evaluación Ambiental.

6.3. DESENROLO URBANÍSTICO

Como resultado da aprobación da Modificación Puntual o ámbito de ordenación incluirá a súa correspondente ordenación detallada, podendo considerarse todas as parcelas que o componen como solares de licencia directa.

7. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

Nas previsións da Modificación Puntual está reflectila realidade construida adecuando a ela a regulación urbanística de detalle, e permitindo a ampliación do centro dotacional en continuidade, ate abranguelo cuarteirón completo.

O impacto ambiental do planeamento pode considerarse nulo, debido a que entre as súas características están:

- Ámbito reducido
- Inclusión na trama urbana consolidada
- Espazo xa urbanizado

8. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES

Dado o reducido alcance da Modificación proposta, non se espera interferencia cos plans sectoriais e territoriais concorrentes:

DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO:

No contexto das DOT, a MP ten relación coa determinación excluínte 2.4.2:

> *"Procurarase que se concentren nos núcleos principais dos concellos as dotacións básicas de tipo administrativo, docente, sanitario, cultural e demais servizos de carácter local."*

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

Dada a clasificación como solo urbano no PGOU vixente, atópase fóra do ámbito de incidencia do POL, polo que non se establece sobre del ningún tipo de protección específica.

A Vila de Cedeira ten a consideración de Núcleo de Identidade Litoral, polo que son aplicables as pautas que no POL se establecen para conservar e potencialos valores deste tipo de núcleos, entre as que se destacan as seguintes pola súa relación co ámbito de Modificación Puntual:

- *Completar a fachada marítima como un signo da súa identidade, con especial atención aos seus elementos representativos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas.*
- *Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como o contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público axeitado ao carácter e á natureza do núcleo.*
- *Procurar o "esponxamento" do bordo marítimo como lugar de contacto co mar e as rías e lugar de encontro e cohesión social.*

CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA

Cedeira pertence segundo o CPPG á Unidade Galicia Setentrional, sen que se estudasen lugares de interese paisaxístico dentro do termo municipal, e sen que ningún dos puntos de observación identificados pertenzan ao ámbito de modificación puntual.

DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA

O reducido alcance do ámbito de planeamento fai que a súa trascendencia a nivel paisaxístico sexa reducida, mais sen embargo realizaouse unha análise de coherencia coas Directrices da Paisaxe no anexo adicado á paisaxe urbana do Borrador do Plan.

PLANIFICACIÓN SECTORIAL

O termo municipal de Cedeira resulta afectado polos seguintes instrumentos sectoriais, sen que a MP supoña interenferencia con eles:

- Parque empresarial A Trabe. Cedeira
- Plan sectorial hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia Costa
- Parque eólico Capelada II
- Parque eólico Coucepenido
- Parque eólico Os Corvos

9. RELACIÓN CO PLANEAMENTO MUNICIPAL

O planeamento vixente en Cedeira é un PGOU de 1995, que incorpora o ámbito de estudo de detalle como Planeamento Subsistente.

Dado que o planeamento vixente en Cedeira non está adaptado á lei do Solo 2/2016, é de aplicación a súa DT1ª, de Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, no que se dí que ao solo urbano consolidado seralle aplicable o disposto na LSG 2/2016 para solo urbano consolidado.

As determinacións volumétricas e de composición fixadas polo estudo de detalle en vigor non encaixan coa realidade construída en tanto que o centro de saúde non se adaptou a él. Por esta razón, o edificio dotacional ten a consideración actualmente de fóra de ordenación.

Coa MP preténdese, cualificalo cuarteirón completo como solo dotacional, e asignarlle a ordenanza de sistema de equipamento que figura no PGOU, eliminando as determinacións fixadas polo estudo de detalle.

10. MEDIDAS CORRECTORAS DE IMPACTO E SEGUIMENTO

Posto que non se prevé ningún tipo de impacto ambiental máis alá do que pode suponer calquera obra nun solar de solo urbano, tan só se establecen medidas preventivas a través das pautas estéticas e de integración incorporadas na normativa urbanística:

- **MEDIDAS COMPLEMENTARIAS DE INTEGRACIÓN:**

Establécense como determinación as seguintes medidas de integración e composición urbana:

- Favorecerase a permeabilidade visual e peonil dende o espazo público perimetral ao ámbito da parcela dotacional.
- Permítese a libre configuración de volumes sempre que se xustifique no correspondente proxecto de edificación a permeabilidade e a relación coa fachada marítima.
- Evitaranse as configuracións volumétricas que den lugar a espazos públicos de baixa visibilidade ou sen saída, e que poidan fomentala inseguridade cidadana.
- Evitaranse os trazados aéreos de infraestruturas eléctricas e de telecomunicacións na contorna do ámbito, debendo reorganizalos mediante infraestrutura soterrada.
- Os materiais de acabado deberán presentar resistencia e durabilidade fronte aos ambientes húmedos e salinos
- Todos os paramentos das edificacións serán tratados como fachadas, e non se contemplará a posibilidade de manter aínda que fose con carácter temporal ou provisional, medianís vistos.
- En caso de empregar acabados coloreados, empregarase como referencia a Guía dos materiais e as cores de Galicia.
- En caso de introducir elementos vexetais no interior da parcela dotacional, ou lindando co espazo público de viario, deberán ser de tipo autóctono, e preferentemente de tipo perenne e cunha baixa demanda de rego e de mantemento.

Non se define plan de seguimento nesta Modificación Puntual, en tanto que non se prevén impactos que poidan agravarse co tempo.

ABRIL DE 2021

ARQUITECTO,
Asdo.: Ángel Luís Monteoliva Díaz.